

PRINCIPIOS FUNDAMENTAIS DO BNG PARA A REXENERACIÓN DEMOCRÁTICA EN CULLEREDO

O Concello de Culleredo leva décadas afondando nun goberno e nunha administración oscurantista, que incorre en ilegalidades manifestas, que implican un vicio do xogo democrático e que por tanto é imprescindible resetear para restaurar minimamente as normas básicas de gobernanza. Por iso enunciámos as nosas esixencias para, nun prazo razoable poñer en marcha ese novo e imprescindible *modus operandi*. Resumimos, polo tanto, neste documento, os principios fundamentais que para o BNG de Culleredo son condición *sine qua non* para debater outras iniciativas presentadas polo goberno municipal respecto da organización da estrutura política municipal.

A maiores, o BNG ten un gran programa para chegar a acordos nos que como é de sentido común haberá que achegar posturas, mais sempre partindo de ter acadado os mínimos democráticos que dixemos antes e que pasamos sintetizar. Esta síntese será debullada polo miúdo no transcorrer dos 100 primeiros días do mandato municipal. Como control, aos 100 días haberá un Pleno de debate do estado do municipio para revisar o cumprimento dado a estas esixencias, e poder comezar así a falar sobre outras cuestións da organización da estrutura política municipal.

SERVIZOS PÚBLICOS E CONTRATACIÓN TRANSPARENTE

POLÍTICA: CONTRATACIÓN PÚBLICA CONFORME Á LEGALIDADE

EXEMPLO: o goberno municipal do Concello de Culleredo recibiu un demoledor informe do Consello das Contas con indicacións claras sobre a necesidade de seguir os procedementos establecidos na Lei de Contratos do Sector Público para a contratación municipal. O informe publicado en xaneiro de 2023 detecta defectos graves e advirte un abuso da contratación menor e da adxudicación directa sen procedemento de contratación, facendo referencia ás constantes advertencias por parte da Intervención do Concello ao mesmo respecto.

PASOS E PRAZOS:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, publicar os pregos e as convocatorias/invitacións á licitación, ou convocar os xa publicados, para os principais servizos municipais sen contrato: abastecemento de auga potable, limpeza viaria, mantemento de parques e xardíns, axuda no fogar, alumeadado público, mantemento de viais, limpeza de edificios públicos...
2. Nos primeiros 100 días de goberno, constituir unha nova Mesa de Contratación de consenso entre as diferentes forzas representadas na Corporación Municipal.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, presentar as reclamacións por prexuízos precisas contra empresas encargadas de proxectos, obras e servizos municipais que non se están a realizar conforme ao recollido nos contratos, en consenso coas diferentes forzas representadas na Corporación Municipal.
4. De xeito inmediato, anunciar tamén os contratos menores que poida haber no portal de contratación antes e non despois de contratarse, de forma que calquera empresa ou autónomo poida presentar unha cuarta ou quinta... oferta adicional ás 3 obrigatorias que debe solicitar o órgano de contratación. Verificarase o funcionamento do sistema de alertas de contratos públicos para facilitalo.
5. Reducir na Conta Xeral correspondente ao exercicio 2023 a adxudicación directa sen procedemento de contratación nun 50%, para posteriormente a partir de 2024 pasar a ser totalmente residual, até facer desaparecer a adxudicación "a dedo".

POLÍTICA: TRANSPARENCIA NA XESTIÓN DE PROXECTOS TRANSVERSAIS E GRANDES CONTRATOS

EXEMPLO: para mellorar a fiscalización da actividade do goberno municipal, cómpre axilizar os procesos de facilitación da información e rendemento de contas, en especial na xestión de fondos millonarios como os EDUSI ou os do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar a Comisión cidadá (GAU) de seguemento dos fondos EDUSI.
2. Dar conta puntualmente á Comisión competente en materia de Facenda de toda a información de petición, tramitación e seguemento de fondos de procedencia de organismos supramunicipais, ben sexa Deputación, Xunta, Estado ou UE, convocando todas as sesións, ordinarias ou extraordinarias necesarias

POLÍTICA: CUMPRIMENTO DA OBRIGA DE ACTUALIZAR O INVENTARIO MUNICIPAL

EXEMPLO: tal e como teñen reiterado as diferentes responsables de Secretaría e Intervención, o goberno municipal ten incumplido a súa obriga de presentar un Inventario Municipal actualizado coa formación de cada nova Corporación Municipal. Este é un instrumento fundamental para a planificación de calquera política municipal e a súa ocultación é un desagravio contra a veciñanza e os seus representantes.

PASOS E PRAZO:

1. Antes do fin de 2023, presentar a tódolos grupos municipais e facer público un Inventario Municipal actualizado.

ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS

POLÍTICA: ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS EN TEMPO E FORMA

EXEMPLO: nos 4 anos da pasada lexislatura, con maioría absoluta do PSOE na Corporación, o goberno municipal non foi quen de presentar uns orzamentos en tempo e forma para a súa aprobación antes do 1 de xaneiro, rexeitando ademais numerosas propostas veciñais e sen aceptar debate ou transacción algunha cos grupos na oposición.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, recuperar a Regulamento Orgánico de Participación Cidadá derogado polo novo Regulamento aprobado o 20 de outubro de 2021, e que afecta de maneira moi lesiva aos dereitos da veciñanza na súa participación na actividade municipal.
2. Informar coa maior celeridade aos voceiros dos grupos municipais das solicitudes de participación en Pleno, tanto de asociacións como individuais.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, presentar na Comisión competente en participación cidadá, tódalas reclamacións e solicitudes presentadas pola Valeduría do Pobo ante o Concello de Culleredo nos últimos 4 anos e o estado de tramitación de cada unha delas. Presentar ante a Comisión competente en participación cidadá cada reclamación ou solicitude que sexa presentada pola Valeduría do Pobo ante o Concello de Culleredo.
4. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar aos Consellos de Participación que recollía o anterior Regulamento para comezar a escoitar as súas propostas de cara á elaboración do Orzamento Municipal para o ano 2024.
5. Presentar anualmente antes do 1 de outubro de cada ano a proposta de orzamentos do goberno municipal para o seguinte exercicio, incluíndo unha relación detallada e valoración da viabilidade das propostas veciñais recollidas a través dos Consellos de Participación.
6. Tódolos orzamentos aprobados recolleran nas súas bases de execución unha clara definición das partidas orzamentarias e a necesidade de aprobación en Pleno de calquera modificación orzamentaria.

APOIO Á PARTICIPACIÓN VECIÑAL

POLÍTICA: APOIO A ENTIDADES ASOCIATIVAS CON TRANSPARENCIA E IGUALDADE DE TRATO

EXEMPLO: nos últimos 4 anos de goberno do PSOE en Culleredo con maioría absoluta, só se realizou unha única convocatoria de subvencións a entidades sociais, veciñais e deportivas do concello, a escasas semanas das eleccións do pasado mes de maio. Ditas entidades teñen elevado numerosas queixas acerca desta situación, do trato desigual entre diferentes entidades e do escaso apoio municipal para poder levar a cabo as súas actividades e conseguir financiamento para as mesmas.

PASOS E PRAZO:

1. Nos 100 primeiros días de goberno, crear e dotar de persoal unha oficina de atención ao asociacionismo cullerdense, na que ditos entidades poidan recibir axuda e asesoramento á hora de solicitar subvencións municipais e doutros organismos.
2. Nos 100 primeiros días de goberno, publicar convocatoria de axudas ás asociacións do noso concello para o ano 2023.
3. Publicar anualmente, no primeiro trimestre de cada ano, convocatorias de axudas ás asociacións do noso concello para a realización de actividades e o financiamento de investimentos, tendo que ser resoltas no primeiro semestre do ano, co obxectivo de que as asociacións poidan planificar a súa actividade no seguinte ano.

POLÍTICA: ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA EFICIENTE

EXEMPLO: tódolos representantes e traballadores municipais temos recibido numerosas queixas acerca de fallos de funcionamento na sede electrónica municipal e na dificultade no seu uso. Mentres tanto, o goberno municipal ten rexeitado en numerosas ocasións a proposta do BNG de adoptar a plataforma de sede electrónica que ofrece sen custo algún a Deputación da Coruña.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, solicitar da Deputación da Coruña o uso da sede electrónica que oferta aos concellos de xeito gratuito e iniciar o procedemento para a migración a ese novo sistema.

PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO

POLÍTICA: CONTRATACIÓN DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO, TRANSPARENTE E EN BASE AO MÉRITO E A CAPACIDADE

EXEMPLO: o Concello de Culleredo adoce dunha falta crítica de persoal, mais o goberno municipal non é quen de publicar e convocar Ofertas de Emprego Público axeitadas ás necesidades do concello. Empregan a excusa constante da falta de persoal e ao mesmo tempo deixan caducar Ofertas de Emprego Público e deixan sen atender as alertas do BNG respecto dos procedementos convocados con defectos de forma que abren a porta a recursos por parte das participantes.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, revisar a Relación de Postos de Traballo aprobada in extremis no anterior mandato para verdadeiramente facer unha revisión en profundidade das necesidades de persoal do concello, co obxectivo de avaliar as necesidades e características dos postos, os grados de desempeño e unha eficiente asignación de efectivos.
2. Nos primeiros 100 días de goberno, resolver tódolos recursos e revisións de oficio pendentes respecto dos procesos de selección de persoal en tramitación.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, dar solución á cobertura da praza de xefe de Policía Local.

POLÍTICA: XESTIÓN DE PERSOAL IGUALITARIA E EFICIENTE

EXEMPLO: a xestión de persoal no Concello de Culleredo non é axeitada para as necesidades dos servizos públicos e da atención á veciñanza. Diferentes indicadores así o demostran: longos prazos para a atención pública, falta de resposta en tempo a calquera escrito rexistrado no Concello, longos tempos de agarda para a obtención dunha licenza municipal para a construción de vivenda, falta de atención a entidades sociais, saociacións e clubs deportivos, xestión desastrosa da inscrición nas actividades culturais e deportivas, unha ratio altísima de baixas entre o persoal a servizo do concello... mentres veciñanza, persoal e responsables políticos, poden comprobar como se mantén no seu cargo ao persoal de confianza do goberno municipal, subindo os seus soldos, deixando de executar infraccións e sentencias xudiciais que os inhabilitan para o seu cargo.

PASOS E PRAZO:

1. De xeito inmediato, presentar na Comisión competente de persoal toda a documentación relativa á sentenza xudicial firme do Tribunal Supremo que inhabilita para o exercicio de cargo e emprego público a unha traballadora municipal, así como da situación actual de acatamento do estipulado nela.

POLÍTICA: DOTACIÓN DE PERSOAL DOCENTE SUFICIENTE PARA O CONSERVATORIO

EXEMPLO: durante os últimos anos, a comunidade educativa do Conservatorio Profesional de Música de Culleredo, foi enganada en múltiples ocasións respecto das necesidades reais de profesorado no centro e das posibilidades de cobertura dos postos vacantes. Mentres tanto, o centro segue sen contar co profesorado necesario para cubrir a demanda e ofertar un servizo docente de calidade, que conte con tódolos servizos.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, contratar todo o persoal necesario para cubrir toda a demanda docente, a totalidade do horario sen que o alumnado perda tempo de clase, e tódolos servizos, incluídos os de instrumentistas acompañantes.
2. Nos primeiros 100 días de goberno, poñer en común a planificación de cobertura docente para o curso 2023-2024, con toda a comunidade do conservatorio, incluíndo a dirección do centro, o claustro docente, representantes da ANPA, representantes do goberno municipal e de tódolos grupos da oposición.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, aclarar na Comisión competente de persoal o sucedido co chamamento de profesionais docentes en base ás listas de substitución de profesorado, coa posta en común de toda a documentación ao respecto.

URBANISMO

POLÍTICA: IMPULSO AO NOVO PXOM

EXEMPLO: desde a chegada do actual Alcalde ao poder, escoitamos até 3 versións distintas sobre a necesidade dun novo PXOM para o noso concello: tiñamos que aprobalo definitivamente canto antes, despois había que facer un novo, e finalmente di que non é necesario un novo plan, que co actual de 1987 podemos continuar medrando. Desde o BNG temos claro que precisamos dun novo PXOM para deseñar o futuro de Culleredo, xa que nese documento adquirense compromisos por parte da administración local, mais tamén da Xunta, do Estado, de AENA, de ADIF, da Deputación, de EMALCSA... para a creación e mellora dos nosos servizos públicos e para o desenvolvemento urbanístico con sentidío. Mais o goberno municipal ten paralizada a aprobación definitiva do PXOM por non querer atender aos apuntes do Arquitecto Municipal e da Xunta de Galiza nos seus informes contrarios á aprobación, tal e como está agora mesmo deseñado o PXOM. Hai que lembrar que o Alcalde dicía hai 6 anos, que a resposta ás alegacións presentadas polos veciños e veciñas ao plan retrasaría a súa aprobación 4 anos. Pois ben, pasaron case 7 e seguimos nas mesmas.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar a Comisión Especial do PXOM, con presenza do equipo

redactor do proxecto, para poñer en común con tódolos grupos representados na Corporación Municipal toda a información referente ao mesmo e consensuar os pasos a levar a cabo para a súa aprobación definitiva, valorando unha nova exposición pública no caso de detectarse cambios substanciais no proxecto respecto do presentado á veciñanza no anterior.

2. Nos primeiros 100 días de goberno, responder ás alegacións veciñais presentadas pola veciñanza ao plan e que teñan sido rexeitadas polo goberno municipal.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar aos estafados polo desenvolvemento da UA16 en Vilaboa para darlles resposta da valoración das súas reclamacións e verificar o estado desa unidade de actuación despois das sentenzas que anulaban a Xunta de Compensación e, en consecuencia, o estudo de detalle por ilexitimidade da Xunta de Compensación propoñedora.

POLÍTICA: URBANISMO, IGUALDADE E PRIORIDADE DAS NECESIDADES DOS VECIÑOS

EXEMPLO: o goberno municipal do PSOE ten demostrado en numerosas ocasións como tódolos veciños e veciñas de Culleredo non xogan nas mesmas condicións no que se refire á obtención de licenzas urbanísticas. Mentres o Alcalde anuncia en prensa a súa disposición absoluta para acelerar certos proxectos urbanísticos, outros moitos veciñas e veciños, ou cidadáns que queren ser veciños de Culleredo, agardan durante anos para a obtención dunha licenza de construción, mentres ven como se encarecen os prezos e hipotecas, alonxando cada día máis a oportunidade de crear un fogar propio.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, dotar de persoal suficiente ao Departamento de Urbanismo para a revisión dos expedientes de licenzas urbanísticas pendentes e a súa resolución coa maior dilixencia.
2. Nos primeiros 100 días de goberno, recibir á Asociación de Afectados polo Urbanismo de Culleredo para revisar en conxunto con tódolos grupos da oposición a súa proposta de moción rexeitada en Pleno polo PSOE.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, achegar á Comisión competente en urbanismo a relación de requirimentos e denunciar de situacións urbanísticas, con detalle do cronograma de actuacións desde que cada requirimento/denuncia fóra presentada, con especial atención aos recheos realizados nunha parcela da Rúa Pablo Picasso e ás obras da nova gasoleira que se está a construír en Ledoño.
4. Nos primeiros 100 días de goberno, proceder á paralización inmediata do expediente para a cubrición das vías do tren no tramo desde a Igrexa do Burgo cara Almeiras para proceder inmediatamente a expoñer na Comisión competente en urbanismo todo o proxecto, que nunca foi compartido co resto da Corporación.
5. Nos primeiros 100 días de goberno, presentar na Comisión competente en urbanismo o Plan Especial que se está a desenvolver no Pazo dos Serrano sobre o que se deberá actuar para paralizar a barbaridade que supón deteriorar ese área e incorporalo ao patrimonio municipal como prevé o proxecto de PXOM.

POLÍTICA: LEGALIDADE NO OUTORGAMENTO E CONTROL DE LICENZAS DE ACTIVIDADE

EXEMPLO: a veciñanza ten dado conta en innumerables ocasións da falta de cumprimento por parte dalgúns establecementos das condicións de apertura de varios establecementos, exercendo a labor de vixilancia e fiscalizadora que debería ser exercida polo goberno municipal, que desatende as súas denuncias e oculta os incumprimentos dos establecementos denunciados.

PASOS E PRAZO:

1. De xeito inmediato, rendir conta aos grupos da Corporación de toda a tramitación e o estado actual das denuncias contra establecementos incumplidores das ordenanzas municipais denunciados pola veciñanza.
2. De xeito inmediato, proceder á regularización e acatamento das licenzas referidas á ocupación do espazo público por terrazas e veladores, incluíndo a obriga que establece a ordenanza de dispoñer no local en sitio visible do croquis da ocupación que permite a súa licenza.

OBRAS CONTRATADAS PENDENTES DE EXECUCIÓN

POLÍTICA: FONTE DA BALSA

EXEMPLO: en 2019, a veciñanza da Fonte da Balsa foi enganada polo goberno municipal, que utilizou unha mentira con fins unicamente electoralistas, intentando demostrar que alí se ía facer unha obra que sabían non se podía facer. En 2023, novamente en periodo electoral, o goberno municipal publica a licitación da mesma obra.

PASOS E PRAZO:

3. Nos 100 primeiros días, celebrar unha reunión aberta á veciñanza da Fonte da Balsa para que o goberno municipal explique en que van consistir os traballos licitados, cal vai ser a afectación durante as obras... con presenza de representación de tódolos grupos municipais.
4. Antes do final de 2023, asegurar a execución completa da obra.

POLÍTICA: PAVILLÓN DE TARRÍO

EXEMPLO: a reforma do pavillón de Tarrío leva licitada desde hai un tempo longo sen que se teña iniciada a súa execución.

PASOS E PRAZO:

1. Nos 100 primeiros días, presentar un plan de execución inmediata da reforma integral do Pavillón de Tarrío debendo ser consensuado con tódolos seus usuarios/as para minorar as molestias que as obras poidan ocasionar nas actividades alí programadas.

POLÍTICA: CAMIÑO ENTRE ORRO E LEDOÑO

EXEMPLO: a veciñanza de Orro e Ledoño seguen agardando a que se abra o camiño anulado entre as dúas parroquias durante as obras do Centro Loxístico que nunca se chegaron a levar a cabo.

PASOS E PRAZO:

2. Nos 100 primeiros días, cumprir as dúas mocións aprobadas no anterior mandato para recuperar os terreos que ocupaba o camiño de Orro a Ledoño ao paso polo espazo que se ía ocupar coa estación intermodal no CLT e que nunca se executou, quedando os terreos sen uso.

POLÍTICA: OUTRAS OBRAS PENDENTES DE EXECUCIÓN OU PARALIZADAS

EXEMPLO: a veciñanza segue con pasmo o anuncio de licitación de obras que, en moitos casos, aínda seguen sen ter iniciada a súa execución, e doutras moitas que sin terse anunciado ficaron paralizadas tralo periodo electoral.

PASOS E PRAZO:

1. Nos 100 primeiros días, dar conta na Comisión competente en cuestións de contratación e tamén na competente en obras, de tódalas obras pendentes de licitar, licitadas pero aínda sen executar, e licitadas en execución. Así mesmo darase conta de obras que non foron licitadas e están actualmente paralizadas, nomeadamente das substitucións de beirarrúas no Burgo e Vilaboa.

INFRAESTRUCTURAS

POLÍTICA: DEFENSA DOS INTERESES VECIÑAIS FRONTE AO VIAL 18 E AMPLIACIÓN DA AUTOESTRADA

EXEMPLO: o goberno municipal de Culleredo ven dando bandazos en relación ao seu posicionamento respecto das infraestructuras que afectan fundamentalmente ao noso concello, nas que hoxe di A, mañá B e pasado C. Tal

é o caso do Vial 18 e da conseguinte ampliación da AP9 que vai asociada a dito proxecto.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, levar a Pleno unha proposta consensuada cos grupos da oposición para reclamar do Ministerio de Fomento o proxecto de ampliación da AP9 ao seu paso por Culleredo, recollido no estudo de impacto do proxecto do Vial 18, para que a veciñanza poida contar coa información completa da afectación do proxecto.
2. Nos primeiros 100 días de goberno, levar a Pleno unha proposta consensuada cos grupos da oposición para reclamar do Ministerio de Fomento a análise das alternativas desbotadas para a conexión entre a AP9 e a Terceira Rolda.
3. Presentar alegacións contra dito proxecto de ampliación da AP9 ao seu paso por Culleredo pola aparente gravísima afectación ao noso concello e a tódalas veciñas e veciños vivindo e facendo vida nas proximidades da autoestrada.

POLÍTICA: DEFENSA DOS INTERESES VECIÑAIS FRENTE A PEGADA SONORA DO AEROPORTO

EXEMPLO: o goberno socialista ten amosado unha total pasividade na defensa dos intereses de Culleredo nun asunto tan crucial como é a convivencia co Aeroporto de Albedro. Sempre a remolque do BNG, o goberno municipal ten presentado as alegacións ao Plan Director propostas pola formación nacionalista, mais sen tomar o liderado na defensa dos intereses veciñais que é propio do goberno de todas e todos. Sirva como exemplo, o incumplimento dos acordos plenarios tomados no mes de outubro de 2022 respecto deste asunto.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, informar en Pleno se o goberno municipal cumpriu os acordos plenarios tomados no mes de outubro de 2022 respecto da presentación de recurso contencioso-administrativo fronte ao novo Plan Director do Aeroporto de Albedro e a solicitude de publicación de planos cartográficos con referencias catastrais para analizar a afectación por parte da veciñanza. De non facelo o Ministerio, facelo desde o propio Concello ou contratálo a medios externos.
2. Nos primeiros 100 días de goberno, poñer a disposición dos grupos da oposición o informe de “asistencia técnica especializada” coa que dixo o Alcalde contar para a toma de decisións nesta cuestión.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, informar por correo ás veciñas e veciños afectados pola pegada sonora do aeroporto da situación e cualificación urbanística das súas propiedades inmobiliarias.
4. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar unha reunión informativa aberta á veciñanza, na que se informe dos pasos dados polo goberno municipal para a defensa dos intereses veciñais fronte a aprobación do novo Plan Director.
5. Nos primeiros 100 días de goberno, convocar a Comisión Especial do Aeroporto para poñer a disposición de tódolos grupos da Corporación Municipal toda a información relativa a esta cuestión.
6. Nos primeiros 100 días de goberno, solicitar das autoridades de competencia aeronáutica o inicio do planeamento urbanístico especial que lles corresponde promover segundo o establecido na documentación dos sucesivos Plans Directores e Decretos de Afectación Acústica.

DEPURACIÓNS DE RESPONSABILIDADE

POLÍTICA: DEPURACIÓN DE RESPONSABILIDADES POR PERDAS PATRIMONIAS

EXEMPLO: nos últimos anos o goberno municipal ten dado conta de numerosas sentenzas xudiciais contrarias aos intereses de Culleredo e que derivan en graves perdas patrimoniais para as arcas municipais.

PASOS E PRAZO:

1. Nos primeiros 100 días de goberno, constituir unha Comisión Especial de Investigación con participación de tódolos grupos municipais, sobre a xestión municipal no referente ao contrato de concesión da Garrocha e a súa posterior liquidación, co obxectivo de depurar responsabilidades na perda patrimonial para o Concello asociada a este procedemento.

2. Nos primeiros 100 días de goberno, constituir unha Comisión Especial de Investigación con participación de tódolos grupos municipais, sobre a xestión municipal no referente ao contrato de concesión do Centro Loxístico de Transportes e a súa posterior liquidación, co obxectivo de depurar responsabilidades nas perdas patrimoniais para o Concello asociadas a este procedemento. Porase a disposición de tódolos grupos municipais toda a información respecto do estado dos distintos litixios xudiciais e administrativos sobre esta cuestión, así como un informe aclarando por que non demos aínda recuperado o que é propiedade municipal.
3. Nos primeiros 100 días de goberno, constituir unha Comisión Especial de Investigación con participación de tódolos grupos municipais, sobre o contrato de construción e instalación dunha cuberta no Parque das Brañas, co obxectivo de depurar responsabilidades no procedemento de resolución de dito contrato.

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

POLÍTICA: RESPECTO Á REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL

EXEMPLO: temos observado como en numerosas ocasións e durante longos periodos de tempo, o Alcalde de Culleredo tense ausentado das Comisións que preside, da Xunta de Voceiros e incluso do Pleno Municipal, máximo órgano de representación da veciñanza de Culleredo. Do mesmo xeito, a pesar de telo solicitado en reiteradas ocasións, seguimos sen coñecer cales son os horarios de traballo ou de atención á veciñanza do Alcalde e os seus concelleiros e concelleiras.

PASOS E PRAZO:

1. De xeito inmediato, publicar os horarios de traballo e atención á cidadanía do Alcalde e o resto de concelleiras e concelleiros do goberno municipal.
2. De xeito inmediato, iniciar a publicación diaria da axenda do Alcalde e os concelleiros/as con dedicación ao Concello, que deberá ser pública na web municipal cun mínimo dunha semana de antelación, durante toda a lexislatura. Todos os cargos políticos que nalgún momento teñan adicación exclusiva ou parcial ficharán ao entrar e saír co mesmo sistema de control dos traballadores/as municipais.
3. De xeito inmediato, enviar convite a tódolos membros da Corporación aos actos públicos institucionais organizados polo Concello de Culleredo, cunha semana de antelación como mínimo.

POLÍTICA: RESPECTO ÁS REPRESENTANTES VECIÑAIS NA CORPORACIÓN MUNICIPAL

EXEMPLO: nas últimas eleccións municipais o PSOE de Culleredo, saltou tódalas regras da decencia democrática ao utilizar a súa posición no goberno, para vulnerar os dereitos fundamentais de participación política do BNG durante a campaña, sendo multado con 500€ por impedir a celebración de actos electorais.

PASOS E PRAZO:

1. De xeito inmediato, tramitar o expediente necesario para que a multa imposta ao Concello de Culleredo, sexa abonada polos responsables políticos culpables das accións sinaladas pola Xunta Electoral.
2. De xeito inmediato, recoñecer e pedir disculpas públicas ao BNG por parte dos responsables políticos culpables das accións sinaladas pola Xunta Electoral.